

Polideportivo



Cross PONTE ROMANA

24 NOVIEMBRE 2019
Parque Pazo Feiras e Congresos de Lugo

WWW.CROSSPONTEROMANA.COM



SURF

Campionato Galego júnior en Viveiro

A proba transcorrerá ao longo da xornada de hoxe e mañá na Praia de Area Grande-San Román, e corresponde ao Campionato Galego júnior

TRAIL

Trail entre viñedos da Ribeira Sacra

Mañá celebrarase a quinta edición do Desafío Vía Romana, coa particularidade de que se converterá no primeiro TRAIL coa nova modalidade de 28 quilómetros, con medio millar de participantes

Partidos destacados

HOXE 17:00h. TENIS DE MESA
2ª DIVISIÓN, Dez Portas - Expectorantes

HOXE 17:00h. BALONCESTO
LEB OURO, Breogán - Marín

MAÑÁ 16:00h. FÚTBOL
TERCEIRA DIVISIÓN, RC Villalbés - Bergantiños

MAÑÁ 19:00h. BALONCESTO
LIGA EBA, Estudiantes - Chantada

RUGBY

O Sub14 do Muralla viaxa a Coruña

A única competición de Rugby que non ten parón esta fin de semana é a Liga Galega Sub14, na que o conxunto lucense buscará a súa terceira vitoria nos tres encontros disputados

M. LOSADA

M U L T I M A R C A

Guitiriz

www.automovilesmlosada.com





O Cross Ponte Romana renderá homenaxe a Daniel Aguilar

A proba, que transcorrerá mañá pola contorna do parque do Pazo de Feiras e Congressos, contará con máis dun millar de participantes en 15 categorías

O Cross Ponte Romana trátase dunha proba organizada por Champion Chip Norte e Escola Atlética Lucense que se converteu nunha referencia na modalidade, xa que é a única de Galicia que forma parte do circuíto da Asociación Nacional de Organizadores de Crosses (ANOC) na que se encadran carreiras de prestixio internacional coma de Atapuerca ou a de San Sebastián.

Os organizadores agardan superar os mil participantes nesta cuarta edición da carreira, con 15 categorías de participación, entre elas as probas de relevos mixtos –equipos de dous homes e dúas mulleres– e o cross corto para categorías absoluta e sub-23, que son novidade nesta edición.

Relevos mixtos

Unha das grandes novidades da cuarta edición son as competicións por relevos mixtos en categorías menores e en adultos.

Os relevos mixtos menores para atletas Sub 14 e Sub 16 estarán compostos por dúas mulleres e dous homes. Para optar aos premios terán que estar formacos como mínimo por unha nena Sub 14 e un neno Sub 16, e deben ser do mesmo club.

Na competición de relevos mixtos absolutos (Sub18 en adiante) competirán dúas mulleres e dous homes que neste caso poden ser de diferentes clubs para poder optar os diferentes premios.

O xerente de Champion Chip, Pepe Sánchez del Valle, sinalou que “por loxística, persoal, voluntariado e oferta deportiva o Cross Ponte Romana está á altura das probas de maior prestixio a nivel estatal” e apuntou como reto “traer atletas de recoñecemento internacional que fagan da proba un espectáculo e que sirvan de reclamo para seguir atraendo participantes”. De feito, a competición crece cada edición en número de participantes e nesta cuarta agardase superar o milleiro de atletas que tomen a saída mañá pola mañá.

Homenaxe Daniel Aguilar

A cuarta edición do Cross Ponte Romana terá como padriño a Daniel Aguilar, que recibirá unha homenaxe pola súa meritoria vida atlética e a súa contribución á promoción do deporte, impulsando a carreira de atletas como a súa filla Alessandra Aguilar, un referente do atletismo provincial con tres participacións olímpicas.

O deputado de Deportes loubou a iniciativa da organización de homenaxear cada ano a unha figura do atletismo provincial. “Jose Manuel Rodríguez “Palelas”, na



primeira edición, María Abel, na segunda, Tito Margaride, na pasada edición, e agora Daniel Aguilar. Son deportistas que foron abrindo camiño para Lugo e para Galiza no mundo do atletismo, unhas nas pistas, outros traballando no segundo plano, pero en definitiva facendo un camiño que fixo que este deporte fose medrando e xerando grandes referentes”, concluíu.

Horarios

A competición arrincará ás 10:00 horas coa categoría sub-16 feminina, e hai que destacar que desde as 12:00 horas comezará a proba de substitucións mixtas. A quenda do cross curto empezará ás 12:20 horas (feminino) e 12:45 (masculino). Finalmente, o inicio da proba popular está previsto para as 13:30 horas.

VOLEIBOL



COMPETICIÓN

CAT.	LOCAL	VISITANTE	LUGAR	DATA
Superliga 1 M.	Gran Canaria	CV Emevé	Los Llanos	Hoxe 18:00h
Superliga 2 F.	Sayre	CV Emevé	CI de Deportes	Mañá 13:00h
1ª Gal. M	CV Emevé	CVP Ence	Palomar	Mañá 12:00h
1ª Xuv. F	CV Emevé	CVP Alianza	C. do Deporte	Mañá 12:00h
1ª Xuv. F	Ribeira Sacra	Cambados	A Pinguela	Hoxe 12:00h
1ª Xuv. M	Korbis	Voleibol Lugo	A Pinguela	Hoxe 19:45h
2ª Xuv. F	Korbis	Voleibol Lugo	A Pinguela	Hoxe 18:00h
2ª Xuv. F	CV Emevé	Pomasa	P. Municipal	Mañá 10:00h
2ª Xuv. F	Ribeira Sacra	Rianxo	A Pinguela	Mañá 12:00h
1ª Cad. F	Korbis	Zalaeta	A Pinguela	Hoxe 19:45h
1ª Cad. F	Ribeira Sacra	Cambados	A Pinguela	Hoxe 10:00h
1ª Cad. F	CV Emevé	Voz y Sonido	P. Municipal	Mañá 10:00h
1ª Cad. M	Korbis	Vila Castro	A Pinguela	Mañá 10:00h
1ª Inf. F	Korbis	Zalaeta	A Pinguela	Hoxe 18:00h
1ª Inf. F	CV Emevé	Gómez Lor	C. do Deporte	Mañá 12:00h
1ª Inf. M	CV Emevé	S.Mª del Mar	C. do Deporte	Mañá 12:00h

ATLETISMO

Hoxe, Viveiro XXI CARREIRA POPULAR

Hoxe, en Viveiro, celébrase a carreira pedestre de menores e pola tarde a dos adultos, cun percorrido de 12,5 quilómetros. Como en anos anteriores, será unha proba solidaria con Cáritas, tendo que aportar cada participante alimentos non perecedeiros ou produtos de hixiene persoal no momento de recoller os dorsais.

Con motivo da celebración da Carreira Popular Concello de Viveiro, produciranse restricións de tráfico que afectarán aos seguintes tramos nos horarios indicados:

-Paseo Marítimo (Avda Martín Ledesma, Avda Alcalde Meirás e Avda Luis Cebreiro): De 10:45 a 12:00 horas e de 16:15 a 18:00 horas.

-Estrada da Igrexa e Estrada Praia de Sacido (fronte ao Galaico): De 16:15 a 18:00 horas.

SURF

Hoxe e mañá, Viveiro CAMPIONATO GALEGO JÚNIOR

A proba transcorrerá ao longo das xornadas de hoxe e mañá na Praia de Area Grande-San Román. É correspondente ao Campionato Galego Júnior, e está organizado pola Federación Galega de Surf, Viveiro Surfing Family e o Concello do Vicedo. A organización está pendente das previsións de ondas por posible aprazamento e os interesados en participar teñen que estar federados.

Os competidores que vaian acompañados por un técnico, será este o responsable en facer o cheking. Do contrario, o competidores terán que abonar a diferenza da inscrición.

DARDOS

COMPETICIÓN DARDOS

CATEGORÍA	LOCAL	VISITANTE
Parejas G A	Jacobo & Joni	Camilo & Roxo
Parejas G A	Clavadores	Danis & Brais
Parejas G A	Julián & Raúl	Piplus & Dani
Parejas G A	Javi & Trusgo	Tevo & Ferry
Parejas G A	Carlos & Samuel	Chacaritas
Parejas G B	Ortegal	Rubén, David y Ríos
Parejas G B	Álex & Jose	Bar Mario
Parejas G B	Richi & Karlos & Adry	Paradela y Capy
Parejas G B	Manu & J. Polo	Juan y Nelson
Parejas G B	Manu & Dani	Ramón y Eloy
Parejas G C	Lore & Sam & Samp	Xesús y Rodri
Parejas G C	Alonso & Toirán	Mary y Gonza
Parejas G C	Suso & López	Bar Cristal
Parejas G C	Luis & Ibai	Pablo, Alba y Álvaro
Parejas G C	Anxo & Leire	Álex y Diego
Liga Intern 1	Game of Darts	Los Polonios
Liga Intern 3	Politécnica Darts 1	Smardarts
Liga Intern 4	Bar O Chao	Orendarts
Liga Intern 4	Mesón K2 Darts	Goya
Liga Intern 5	Chacaritas	3 Poemas
Liga Intern 6	Os Cocodrilos	Ruxedarts Team
Liga Intern 7	K2 Paris Brothers	Pitufos 69
Liga Intern 9	A Bichería	Sapiens
Liga Intern 9	Pub Tibor	A Bichería
Liga Inter 10	Ruxedarts Team	A Fonte
Liga Inter 11	Seculo XXI	Os Miserables
Liga Inter 12	Politécnica Darts B	Players
Liga Inter 13	Bar Perfil	Bamboo
Liga Inter 14	Porco Celta	Salgueira
Liga Inter 15	Os da Oficina	Norte
Liga Inter 16	Cristal Darts	A Banda
Liga Inter 17	Non Podemos	Caf Estas
Liga Inter 18	Idem Carabelo	El Naoi
Liga Inter 19	Paradela Darts	Cruceiro
Liga Inter 20	Sin Tempo	Como en Casa
Liga Inter 21	Politécnica Darts 3	Santa Cruz
Liga Inter 22	Ángeles del Infierno	Norte 2
Liga Inter 23	O Gaucho da Casa	Meira
Liga Inter 24	O Braseiro	Darts Team
Liga Inter 25	Breogán 1	Tiempos Modernos
Liga Inter 26	1 de Mayo	Languis

RUGBY



Hoxe, A Coruña LIGA GALEGA SUB 14

Esta fin de semana tan só compite a categoría 14 na que se atopa o Muralla Rugby Club. Nin a Liga Galega sénior masculina nin feminina teñen xornada e reanudarán as súas respectivas competicións o vindeiro sábado 30 de novembro. O conxunto Sub 14 da Liga Galega desprázase a Coruña para medirse co Crat, nun encontro que comezará a partir das 11:30 horas no Complexo Deportivo Acea da Má. Un partido correspondente á terceira xornada de Liga no que os lucenses buscarán a terceira vitoria consecutiva.

FÚTBOL SALA



COMPETICIÓN

CAT.	LOCAL	VISITANTE	LUGAR	DATA
1ª Div. F.	Espugues	Burela	Espugues	Mañá 13:30h
2ª Div. B. M.	Prone Lugo	Ventorrillo	Lugo	Hoxe 20:00h
2ª Div. B. M.	Tres Cuñados	Xove	Valdeorras	Hoxe 18:30h
2ª Div. B. M.	Albense	Ribeira	A. de Tormes	Hoxe 18:00h
3ª Nacional	Lugo Sala	Culleredo	Municipal	Hoxe 18:00h
3ª Nacional	Vilalba	Unión	Vilalba	Hoxe 19:00h
3ª Nacional	Coruxo	Outeiro de Rei	As Traviesas	Hoxe 20:00h
Preferente M.	Troula	Casás	Betanzos	Hoxe 19:45h
Preferente M.	Agolada	Guitiriz	Agolada	Hoxe 19:00h
Preferente M.	Castroverde	Begonte	Castroverde	Hoxe 19:00h
Preferente M.	Os Meigallos	Noia	Sarria	Hoxe 17:00h
Preferente M.	Rábade	Pontedeume	Rábade	Hoxe 18:45h
Preferente F.	Vilalba	Narón	Municipal	Mañá 12:00h
Preferente F.	Pontevedra	Monterroso	Municipal	Hoxe 19:00h
Aut. Xuv. M.	Ancora	Ribeira	A Cañota	Mañá 16:30h
Aut. Xuv. M.	A Estrada	Begonte	Coto Ferreiro	Hoxe 20:00h
Aut. Xuv. M.	Vilalba	Narón	Municipal	Hoxe 16:30h
Aut. Xuv. M.	Meigallos	Redondela	O Chanto	Hoxe 19:00h
Aut. Cad. M.	Lugo Sala	Liceo	Palomar	Hoxe 18:00h
Aut. Cad. M.	Casás	RB. Coruña	Frigsa	Hoxe 16:30h
Aut. Cad. M.	Hércules	Ribeira	SF. Javier	Mañá 16:30h
Aut. Cad. M.	Ventorrillo	Burela	Ventorrillo	Mañá 17:30h
Aut. Cad. M.	Guitiriz	Os Meigallos	Municipal	Mañá 19:00h
Aut. Cad. F.	Fisiober	Castro	O Conco	Hoxe 20:00h
Aut. Inf. M.	Lugo Sala	Liceo	Palomar	Hoxe 16:30h
Aut. Inf. M.	Pirangalla	RB. Coruña	C. do Deporte	Hoxe 18:00h
Aut. Inf. M.	Guitiriz	Os Meigallos	Municipal	Mañá 17:30h
Aut. Inf. M.	Hércules	Ribeira	SF. Javier	Mañá 11:00h
Aut. Inf. M.	Ventorrillo	Burela	Ventorrillo	Mañá 16:00h
Aut. Inf. F.	Ribeira	Amarelle	Palomar	Hoxe 19:30h

TENIS MESA

COMPETICIÓN

CAT.	LOCAL	VISITANTE	LUGAR	DATA
2ª División	Vilagarcía	CTM Milagrosa	Vilagarcía	Hoxe 17:00h
2ª División	CD Dez Portas	Expectorantes	Frigsa	Hoxe 17:00h
3ª Nacional	TM Ribadeo A	Dubratambre	Ribadeo	Hoxe 16:30h
3ª Nacional	CD Dez Portas	CTM Coruña	Frigsa	Hoxe 17:00h
3ª Nacional	Rábade	AD Zas	Rábade	Hoxe 16:00h
1ª Div. Masc.	CTM Milagrosa	CTM Coruña B	Frigsa	Mañá 11:00h
1ª Div. Masc.	San Ciprián	Seixo Branco	San Ciprián	Mañá 11:00h
1ª Div. Masc.	CD Dez Portas	Santa Cruz	Frigsa	Mañá 11:00h
1ª Div. Masc.	Pena Lopesa	Vilalba	Narón	Mañá 11:00h

BALONMÁN

COMPETICIÓN

CAT.	LOCAL	VISITANTE	LUGAR	DATA
Territorial M.	Viveiro	Poio	Municipal	Hoxe 17:00h
2ª Cad. M. 2	Pabellón Ourense	CB Viveiro	Ourense	Hoxe 13:00h
2ª Cad. M. 1	BM Culleredo	Lucus Com.	Almeiras	Hoxe 10:30h
2ª Inf. M.	Eumesa	CB Viveiro	Fene	Mañá 12:30h

BALONCESTO



COMPETICIÓN

CAT.	LOCAL	VISITANTE	LUGAR	DATA
Liga LEB Oro	Breogán	Marín	Pazo	Hoxe 17:00h
Liga EBA	Gernika KESB	Ensino	Guernica	Hoxe 18:00h
Liga EBA	Estudiantes	Chantada	Pazo	Mañá 19:00h
1ª División M.	Noia	Celtas	Noia	Hoxe 20:00h
1ª División M.	Rosalía	CB Viveiro	Santiago	Hoxe 20:00h
1ª Júnior M.	Basket Ferrol	Ensino	Ferrol	Mañá 12:00h
1ª Júnior F.	CLB	Ensino	Vilagarcía	Mañá 12:00h
1ª Cadete M.	B. Coruña	San Ciprián	A Coruña	Hoxe 12:00h
1ª Cadete M.	C. Artabra	CB Ribadeo	Ferrol	Hoxe 16:00h
1ª Cadete M.	Estudiantes	Ensino	Anexo	Hoxe 16:00h
1ª Cadete F.	Maristas	Estudiantes	A Coruña	Hoxe 10:00h
1ª Cadete F.	Giraldo	Ensino	Vilagarcía	Hoxe 18:00h
1ª Infantil M.	Estudiantes	Obradoiro	Anexo	Mañá 12:00h
1ª Infantil M.	Maristas	B. Coruña	Anexo	Hoxe 18:00h
1ª Infantil F.	Burela	Junquera	Burela	Hoxe 18:00h
1ª Infantil F.	Peleteiro	Estudiantes	Santiago	Hoxe 12:00h
1ª Preinf. M.	Estudiantes	Celtas	Anexo	Hoxe 16:00h
1ª Preinf. F.	Estudiantes	Burela	Anexo	Mañá 17:00h
1ª Mini M.	Maristas	CB Ribadeo	Anexo	Hoxe 12:00h
1ª Mini M.	Estudiantes	C. Artabra	Anexo	Hoxe 10:00h
1ª Mini F.	Estudiantes	Ensino	Anexo	Hoxe 12:00h

BILLAR

COMPETICIÓN BILLAR

CATEGORÍA		
Eq. Liga G. A	Tiempos Modernos	Chámalle X
Eq. Liga G. A	Revestimientos Raposo	Como Sempre
Eq. Liga G. A	Pub Omega	Dovalitos
Eq. Liga G. A	Bar Luna	Tania & Bandidos
Eq. Liga G. B	Pigeons.es	Pulperia Mónica
Eq. Liga G. B	D' Vuelta	DOEL
Eq. Liga G. B	Os Afíllados	Bad Bugs
Eq. Liga G. B	Bar Charlie	Open Pool
Eq. Liga G. C	Os Novos	Cantimploras
Eq. Liga G. C	Mouchos	Pingos
Eq. Liga G. C	Flama	Bolita Nocturna
Eq. Liga G. C	NANADECO	O Braseiro
Indv 1ª-2ª	Pablo R. Mondelo	Alejandro Doval
Indv 1ª-2ª	Óscar López	Jose A. Cazón
Indv 1ª-2ª	Carlos Palmeiro	Carlos Fraga
Indv 1ª-2ª	Borja López	Jorge Blanco
Indv 1ª-2ª	Jose M. Díaz	Joaquín de Santiago
Indv 3ª-4ª	Juan P. Rábade	Alfredo Mosteirín
Indv 3ª-4ª	Laura Sarai	Enrique Freire
Indv 3ª-4ª	Justo Pérez	Samuel Yanes
Indv 3ª-4ª	Luis Rguez	Dragomir Ionel
Indv 3ª-4ª	Andrés Glez	Mar Expósito
Indv 3ª-4ª	Jose A. Sampayo	Héctor Forneas
Indv 3ª-4ª	Jaime Fontal	Jose M. Basanta
Indv 3ª-4ª	Carlos Vázquez	Ángel Doural
Indv 3ª-4ª	Adrián Fuentes	Amalia Buide

FÚTBOL

COMPETICIÓN FÚTBOL

CAT.	LOCAL	VISITANTE	LUGAR	DATA
2ª División	Cádiz	Lugo	R. de Carranza	Mañá 21:00h
3ª División	A Estrada	Polvorín	A Estrada	Mañá 12:00h
3ª División	RC Villalbés	Bergantiños	A Magdalena	Mañá 16:00h
1ª Fem. Galega	Victoria B	Friol B	Santa Isabel	Mañá 16:30h
1ª Fem. Galega	Antas	O Val	Castro Seoane	Mañá 16:00h
2ª Fem. Galega	Brexo Lema	CD Lugo	Os Pinares	Mañá 19:15h
2ª Fem. Galega	Carral	Comercial	Municipal	Mañá 17:00h
2ª Fem. Galega	Chantada	Olimpico	Sangoñedo	Mañá 18:15h
Preferente	Xallas	Lemos	A Fontenla	Mañá 17:00h
Preferente	Sarriana	Boiro	A Ribela	Mañá 16:15h
Preferente	CD Foz	Laracha	Martínez Otero	Mañá 16:00h
Preferente	Residencia	San Tirso	A Cheda	Mañá 16:15h
Preferente	Viveiro	Fisterra	Cantarrana	Mañá 12:00h
Preferente	Sofán	Ribadeo	Carballo	Mañá 16:15h
1ª Autonómica	Taboada	Escalón	A Medela	Mañá 16:15h
1ª Autonómica	Riotorto	Friol A	A Veiga	Mañá 16:00h
1ª Autonómica	Lourenzá	CD Castro	Santa Cruz	Mañá 16:00h
1ª Autonómica	Santaballés	Chantada	A Liga	Mañá 16:15h
1ª Autonómica	Xove Lago	Monterroso A	Municipal	Mañá 16:30h
1ª Autonómica	Burela	SD Pol	A Marosa	Mañá 16:15h
1ª Autonómica	Chantada	San Roque	Sangoñedo	Mañá 16:15h
1ª Autonómica	Outeiro de Rei	Guntín	Municipal	Mañá 16:15h
1ª Autonómica	Folgueiro	Pastoricense	Boa Vista	Mañá 16:15h
2ª Auto. Norte	Guitiriz	Cabreiros	Suso Cruz	Mañá 16:15h
2ª Auto. Norte	Alfoz	Barreiros	Municipal	Hoxe 16:15h
2ª Auto. Norte	Roupar	Muimenta	O Novo	Hoxe 16:15h
2ª Auto. Norte	Xermade	Candelaria	Municipal	Hoxe 16:015h
2ª Auto. Norte	Goiriz	Mondoñedo	O Ventiño	Hoxe 16:00h
2ª Auto. Norte	Cospoito	Abadín	A Fonte	Mañá 16:15h
2ª Auto. Norte	Meira	San Ciprián	A Lomba	Mañá 16:30h
2ª Auto. Norte	Iberia	Pontenova	As Valgas	Mañá 16:15h
2ª Auto. Sur	Ferreira	Paradela	O Balaño	Mañá 16:15h
2ª Auto. Sur	Brollón	Oural	Os Medos	Mañá 16:15h
2ª Auto. Sur	Bóveda	Portomarín	H. Somoza	Mañá 16:15h
2ª Auto. Sur	Palas	Quiroga	Os Chacotes	Hoxe 16:15h
2ª Auto. Sur	O Páramo	Corgo	As Rapadas	Hoxe 16:30h
2ª Auto. Sur	Becerreá	San Lázaro	Municipal	Mañá 17:00h
2ª Auto. Sur	Río Sil	Santa Comba	A Carqueixa	Mañá 16:15h
2ª Auto. Sur	O Incio	Chantada B	Carboeiro	Hoxe 16:15h
3ª Auto. Norte	Friol B	Lugo Unión	A Reigosa	Hoxe 16:15h
3ª Auto. Norte	Viveiro	Matela	Marcos Gómez	Hoxe 18:15h
3ª Auto. Norte	Fonsagrada	Catro Roldas	Gómez Besteiro	Mañá 16:30h
3ª Auto. Norte	Comercial	Celeiro	R. Lago	Hoxe 18:00h
3ª Auto. Norte	Rioaveso	Cazas	Paraños	Mañá 18:30h
3ª Auto. Sur	Carballedo	Monterroso B	Cuatro Vientos	Hoxe 18:30h
3ª Auto. Sur	Rubían	Castroverde	O Poste	Mañá 16:15h
3ª Auto. Sur	Relampago	Lucense	A Medela	Mañá 16:15h
3ª Auto. Sur	Milagrosa	Taboada B	Luis Gorgoso	Mañá 17:00h
3ª Auto. Sur	Lemos B	Sober	Luis Bodegas	Hoxe 20:00h

FÚTBOL VETERANOS

CAT.	LOCAL	VISITANTE	LUGAR	DATA
DH Local	San Roque	AD Agor	Os Chacotes	Mañá 11:00h
DH Local	PV Montajes	Residencia	R. Lago	Hoxe 18:00h
DH Local	Albeiros	Outeiro de Rei	A Cheda	Hoxe 18:30h
DH Local	Milagrosa	Peñarol	L. Gorgoso	Mañá 12:00h
DH Local	O Picato	Frain	A Cheda	Mañá 12:00h
DH Local	Garabolos	Ferrovial	Rl. Lago	Mañá 12:00h
DH Local	Corgo	Comercial	R. Lago	Mañá 10:00h
DH Local	Bretaña	As Gándaras	O Polvorín	Hoxe 16:00h
DH Provincial	Pastoricense	Taboada	O Acebreiro	Hoxe 18:00h
DH Provincial	Monterroso	Becerreá	Cerdeiriño	Hoxe 17:30h
DH Provincial	Guntín	Sarría	Ladairo	Mañá 11:30h
DH Provincial	Sd Pol	Parga	Manuel Luna	Mañá 12:00h
DH Provincial	Illán	A Canteira	Os Comiñeiros	Hoxe 19:15h
DH Provincial	Friol	Castro	A Reigosa	Mañá 11:00h
DH Provincial	Sarriana	Gaiosio	A Ribela	Hoxe 16:30h
DH Provincial	Trasnos	Abadinense	A Ribela	Hoxe 18:30h
1ª Provincial	Cospoito	Rábade	A Fonte	Mañá 11:30h
1ª Provincial	Saavedra	Sarría	Saavedra	Hoxe 16:00h
1ª Provincial	Sancobade	Palas	Municipal	Hoxe 16:15h
1ª Provincial	Albense	Montouto	Celso Lamas	Mañá 11:00h
1ª Provincial	Pontenova	Begonte	A Mina	Mañá 11:30h
1ª Provincial	Terra Chá	Momán	A Fonte	Hoxe 17:15h

FÚTBOL BASE



COMPETICIÓN FÚTBOL

CAT.	LOCAL	VISITANTE	LUGAR	DATA
DH Xuvenil	Val Miñor	CD Lugo	Nigrán	Hoxe 16:00h
N. Xuvenil	Celta B	RC Villalbés	Madroa	Hoxe 16:30h
N. Xuvenil	CD Lugo B	Ourense	A Cheda	Hoxe 13:30h
Galega Xuvenil	Residencia A	Montañeros	A Cheda	Hoxe 16:30h
Galega Xuvenil	RC Villalbés B	Calasanz B	Roca	Mañá 12:00h
Galega Xuvenil	Bergantiños	Viveiro	As Eiroas	Hoxe 18:30h
Honra Cadete	CD Lugo	Victoria	A Cheda	Hoxe 11:00h
Galega Cadete	Milagrosa	Montañeros	Luis Gorgoso	Hoxe 16:00h
Galega Cadete	San Tirso	CD Lugo B	O Monte	Mañá 10:30h
Galega Cadete	RC Villalbés	Calasanz B	Roca	Mañá 10:15h
Galega Cadete	Dumbria	Viveiro	O Conco	Hoxe 12:00h
Galega Infantil	Calasanz	CD Lugo	Leyma	Hoxe 16:00h
Galega Infantil	Victoria	Viveiro A	Municipal	Hoxe 11:15h

FÚTBOL BASE PROVINCIAL

CAT.	LOCAL	VISITANTE	LUGAR	DATA
Cadete Norte	Burela	Foz	A Marosa	Mañá 12:00h
Cadete Norte	Lourenzá	Viveiro	Santa Cruz	Mañá 11:00h
Cadete Norte	Ribadeo	RC Villalbés B	A Devesa	Hoxe 18:30h
Cadete Centro	Polvorín A	Casás	O Polvorín	Mañá 12:00h
Cadete Centro	Castro	Residencia B	Arturo Pereiro	Mañá 11:00h
Cadete Sur	Piringalla B	Monterroso	R. Lago	Hoxe 12:00h
Cadete Sur	Sarriana	Becerreá	A Ribela	Mañá 12:00h
Cadete Sur	Polvorín B	Residencia A	O Polvorín	Hoxe 10:00h
1ª Aut. Xuv.	San Roque	Ribadeo	O Polvorín	Hoxe 18:00h
1ª Aut. Xuv.	Milagrosa	Sarriana	Luis Gorgoso	Hoxe 18:00h
1ª Aut. Xuv.	Castro	Residencia B	Arturo Pereiro	Hoxe 16:15h
1ª Aut. Xuv.	Xove Lago	Monterroso	Municipal	Mañá 13:00h

FÚTBOL OITO BASE PROVINCIAL

CAT.	LOCAL	VISITANTE	LUGAR	DATA
Alevín Norte	Viveiro A	Castro	Marcos Gómez	Hoxe 11:30h
Alevín Norte	Burela A	RC Villalbés A	A Marosa	Hoxe 12:30h
Alevín Norte	CD Lugo A	Stgo. de Foz	R. Lago	Hoxe 15:45h
Alevín Norte	Mondoñedo A	Xove Lago	Viñas da Veiga	Mañá 10:00h
Alevín Sur	Residencia	Casás A	A Cheda	Mañá 10:00h
Alevín Sur	Sagrado A	CD Lugo B	R. Lago	Hoxe 16:00h
Alevín Sur	CP Lucense A	Polvorín A	R. Lago	Mañá 11:15h
Alevín Sur	Milagrosa A	Sarriana A	Luis Gorgoso	Hoxe 10:00h
Benx. Norte	Viveiro A	Ribadeo A	Marcos Gómez	Hoxe 12:30h
Benx. Norte	Burela A	RC Villalbés A	A Marosa	Hoxe 11:30h
Benx. Norte	CD Lugo A	Stgo. de Foz	R. Lago	Hoxe 15:45h
Benx. Sur	CD Lugo B	Milagrosa A	R. Lago	Hoxe 12:30h
Benx. Sur	Residencia	CP Lucense A	A Cheda	Mañá 10:00h
Benx. Sur	Piringalla A	Polvorín A	L. Gorgoso	Mañá 11:00h
Prebenx Norte	RC Villalbés A	Ribadeo A	A Magdalena	Mañá 11:00h
Prebenx Norte	Burela A	Stgo. de Foz	A Marosa	Hoxe 11:30h
Prebenx Norte	RC Villalbés B	Burela B	A Magdalena	Hoxe 11:30h
Prebenx Sur A	Corgo	Piringalla C	Municipal	Hoxe 13:00h
Prebenx Sur A	Ferrovial A	CP Lucense	Luis Gorgoso	Hoxe 11:15h
Prebenx Sur B	Casás	Sagrado	R. Lago	Hoxe 10:00h
Prebenx Sur B	Polvorín A	Ferrovial B	O Polvorín	Mañá 10:30h
Prebenx Sur B	Lugo A	Piringalla A	R. Lago	Hoxe 12:30h
Prebenx Sur B	Milagrosa B	Monterroso	Luis Gorgoso	Hoxe 11:15h
Prebenx Sur C	Polvorín B	Milagrosa A	O Polvorín	Mañá 10:30h
Prebenx Sur C	Residencia	CD Lugo B	A Cheda	Mañá 11:00h

arenal

con el deporte

NUEVO PATROCINADOR OFICIAL CV EMEVE

♥
Voley
arenal



!Únete al Club, súmate a la buena Vida!

O I trail entre viñedos da Ribeira Sacra cita a 500 participantes

O percorrido longo, para os máis aventureiros, contará cun total de 28 quilómetros e un desnivel positivo de 1900 metros. O seguinte é o Trail de 19 quilómetros e desnivel positivo de 1180. O minitrail de 10 quilómetros terá un desnivel positivo de 600 metros

Mañá celebrárase a IV edición do Desafío Vía Romana, coa particularidade de que se converterá no primeiro TRAIL coa nova modalidade de 28km.

Este ano o desafío será maior, con tres modalidades e unha "Andaina".

A Andaina contará cun percorrido de 8km e, do mesmo xeito que o resto de modalidades, terá saída na aldea de Belesar e meta na bodega Via Romana, organizadora por cuarto ano consecutivo desta pioneira proba deportiva. Alí, unha vez rematada a carreira, todos os esforzos veranse recompensados por unha degustación final de viños Vía Romana e un aperitivo.

Juan Luís Méndez, xerente da bodega, declaraba na presentación da proba: "Agradezo de novo ao Club Atletismo de Chantada os seus esforzos ano tras ano, porque o que comezou cun quilómetro vertical se converteu nun referente deportivo que supón achegar a Ribeira Sacra e o viño á cultura e o deporte, promocionando o enoturismo da Ribeira Sacra e o camiño de inverno."

Esta é unha carreira pioneira en Galicia que transcurre entre o río Miño e Vía Romana, bodega amparada pola D.O. Ribeira Sacra. O percorrido, como en anos anteriores, foi deseñado polo Club Atletismo Chantada. Alejandro Méndez, vicepresidente do club e responsable técnico, e Belén Vázquez Caseiro, membro e corredora habitual deste tipo de probas, destacan o paso cualitativo no percorrido deste ano, que se orienta nas súas disciplinas máis duras a corredores profesionais ou cunha preparación superior.

O concelleiro de deportes de Chantada, Diego Otero,



presente no acto, recalca o seu agradecemento ao Club e á bodega Via Romana por levar a cabo esta enriquecedora iniciativa para a zona, e animou á participación.

Tralo éxito de anteriores edicións este ano espérase chegar aos máis de 500 participantes, moitos deles repetidores de anteriores edicións.

Esta proba é ademais pioneira en Galicia como carreira vertical, con pendentes que superan o 70% de inclinación. Está considerada no calendario nacional da súa modalidade polo dificultade do percorrido

e a espectacularidade do mesmo sobre o río Miño, en cuxas ladeiras practícase a denominada viticultura heroica, cualificativo que serve tamén para esta carreira, que será seguida por un numeroso público. Entre os colaboradores este ano destacan con especial agradecemento ao Concello de Chantada, Grupo Gadisa, Ecoembes (que axudará coa reciclaxe de residuos a través de papeleiras especiais para facer deste un evento sostible) e a marca deportiva Trango.

Como en cada edición, a labor e a axuda de protección civil e de todos os voluntarios é imprescindible.



DESAFÍO VÍA ROMANA

I TRAIL

DESAFÍO VÍA ROMANA

24 NOV. 19

TRAIL LONGO 28km
desnivel +1900m

TRAIL 19km
desnivel +1180m

MINITRAIL
desnivel +600m

ANDAINA
dificultade media

Espazo para acampar a noite anterior no Pavillón Municipal · Servizo de gardaría gratuito (prazas limitadas)
Servizo de buses · Degustación final

Inscripcións: championchipnorte.com

Organiza: **VIA ROMANA** (BODEGA VÍA ROMANA) · **Vineiros Pazo** (GRUPO GADISA) · **PRIMO TRANGO**

Colabora: **CONCELLO DE CHANTADA** · **CLUB ATLETISMO DE CHANTADA**

Mais información: marketing@viaromana.es | [f](#) Via Romana | [f](#) Atletismo Chantada

INVESTIMENTO

A ÁREA DE DEPORTES DA DEPUTACIÓN DE LUGO ACHEGA 940.000 EUROS ao fomento do deporte na Provincia. 240 clubs recibirán 415.000 euros para financiar gastos derivados da súa actividade competitiva



A Área de Deportes da Deputación de Lugo achega 940.000 euros ao fomento do deporte na provincia. O ente Provincial aprobou en Xunta de Goberno a concesión de diferentes liñas de axudas destinadas a gastos e actividades da tempada 2018-2019 por ese importe.

Así, deuse luz verde ás axudas de concorrencia competitiva a clubs e entidades deportivas da provincia, nas que se investiron 500.000 euros.

Concedéronse 332 axudas en total, 240 destinadas a financiar gastos derivados da actividade competitiva federada -gastos de persoal, gastos de arbitraje e xuíces deportivos, de transporte e de vestimenta e material deportivo, cun importe máximo de 4.000 euros por entidade- e 92 para a organización de eventos deportivos en toda a provincia, neste caso cun importe máximo de 2.000 euros por actividade.

As achegas beneficiarán a clubs e eventos de preto de corenta modalidades deportivas distintas na Provincia: fútbol, baloncesto, atletismo, ciclismo, natación, triatlón, tenis, pádel, karate, taekwondo, judo, ximnasia, patinaxe artístico e ata montaña, escalada, waterpolo ou birlos, entre outras.

“O GRAN NIVEL COMPETITIVO DO DEPORTE FEMININO REFRÉNDASE COS EQUIPOS DO BURELA FÚTBOL SALA, CV EMEVÉ, PORTA XI ENSINO E PELUQUERÍA MIXTA FRIOL, CLUBS COS CATRO EQUIPOS NA PRIMEIRAS LIGAS ESTATAIS”

MAITE FERREIRO Vicepresidenta da Deputación

Axudas a clubs de primeira e segunda categoría estatal

Tamén se aprobaron as axudas en réxime de concorrencia non competitiva, destinadas a clubs con equipos que compiten na 1ª ou 2ª categoría absoluta estatal, cun investimento total de 440.000 euros.

Así, a Área de Deportes achegará 138.075 euros ao Burela Fútbol Sala, 124.925 euros ao CV Emevé de voleibol, 120.000 euros ao Porta XI Ensino de baloncesto e 57.000 euros ao Peluquería Mixta Friol de fútbol.

A Vicepresidenta da Deputación, Maite Ferreiro, subliñou “o gran nivel competitivo do deporte feminino na provincia, xa que os catro clubs teñen equipos femininos nas primeiras ligas estatais”.

A DEPUTACIÓN DE LUGO COLABORA COA ORGANIZACIÓN DE 92 EVENTOS DEPORTIVOS POR TODA A XEOGRAFÍA PROVINCIAL

BURELA FS, CV EMEVÉ, ENSINO E PELUQUERÍA MIXTA FRIOL RECIBIRÁN ACHEGAS POR UN IMPORTE TOTAL DE 440.000 EUROS

